

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA O PROXECTO DE RECUPERACIÓN E
REVALORIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL DA FRAGA DO VINTE E DO SEU ENTORNO
NA PARROQUIA DE PORZOMILLOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Oza-Cesuras para a realización das actuacións de recuperación e revalorización medioambiental da Fraga do Vinte e o seu entorno, na parroquia de Porzomillos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Que a Fraga do Vinte é un espazo natural de grande importancia no Concello de Oza-Cesuras, na que destacan 82 carballos centenarios. Este espazo ocupa aproximadamente unha superficie de 6.000 metros cadrados, de titularidade municipal, no centro da parroquia de Porzomillos, no lugar do Vinte.

A importancia desta área radica tanto no valor natural dos carballos centenarios, coma no valor etnográfico, social e paisaxístico do conxunto. No entorno da Fraga do Vinte sitúase o Cruceiro de Porzomillos, que conta co recoñecemento dun grao de protección 2 no Catálogo de Patrimonio, desde 1957.

O proxecto, obxecto do presente convenio, pretende a rexeneración das árbores degradadas e a recuperación e revalorización da fraga do vinte e do seu entorno. A través destas actuacións lograrase a recuperación e posta en valor dunha zona de especial valora medioambiental para convertela en zona preferente do concello, e nun recurso turístico máis do mesmo e polo tanto da comunidade autónoma.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Oza-Cesuras unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

